



R regala gigas ilimitados ata o verán de 2021

- **Os/as clientes/as de R gozarán de gigas ilimitados ata o verán de 2021 por tan só a renovación do seu *smartphone*.**
- **Algúns dos mellores dispositivos do mercado, de marcas como iPhone, Samsung, Oppo ou Xiaomi, entran a formar parte desta promoción.**
- **Con este lanzamento, R mantense fiel ao compromiso de lles ofrecer a mellor calidade dos seus servizos de telecomunicacións aos seus/súas clientes/as.**

Mércores, 21 de outubro de 2020. Durante o mes de outubro R ofrécelles aos seus/súas clientes/as unha promoción que lles permitirá gozar de **gigas ilimitados ata o verán de 2021**. Quen se acollan a esta oferta poderán dispor deses gigas sen límite só por renovar o seu *smartphone*, cunha cota mensual de 10 euros ou superior e independentemente da tarifa móbil que o/a cliente/a teña elixido ao contratar a liña móbil.

Desta maneira, os/as clientes/as do operador galego poderán despreocuparse tanto do consumo de datos en calquera lugar en que se atopen como das aplicacións que queiran utilizar en cada momento.

Entre as marcas móbiles que entran a formar parte desta promoción figuran iPhone, Samsung, Xiaomi e Oppo, para que o/a cliente/a poida elixir o dispositivo que mellor se adapte ás súas necesidades, de entre os mellores do mercado.

Unha vez transcorrido o período da promoción -ata o verán de 2021- R encargarse de desactivar automaticamente o bono para que os/as clientes/as non teñan que estar pendentes diso nin facer nada.

Con esta promoción, **R** mantense fiel ao compromiso de ofrecer a máxima calidade dos seus servizos de telecomunicacións coas mellores condicións do mercado. O operador galego dá un paso máis no seu propósito de comercializar un produto forte, cunha oferta de valor para todos/as os seus clientes/as, un dos principais obxectivos estratéxicos da compañía.

Tecnoloxía 5G

A ese mesmo obxectivo estratéxico responde o acordo recentemente asinado con Orange, que lle permitirá ao Grupo Euskaltel, do que **R** forma parte, ofrecer aos seus/súas clientes/as tecnoloxía móbil 5G como Operador Móbil Virtual aloxado na rede de Orange.

Ademais, este acordo posibilitaralle ao Grupo competir a partir do 1 de xaneiro de 2022. As partes poderán negociar o adiantamento desta data ao momento en que Orange lance o servizo 5G a nivel comercial de maneira masiva.

O devandito acordo constitúe un novo paso e avance nos asinados con Orange e anunciados o pasado 13 de decembro de 2019, cando a compañía informou de que rubricara a renovación dos seus acordos grosistas coa compañía, tanto para rede fixa como para rede móbil.

Deste xeito, o Grupo Euskaltel garántelles aos seus clientes o acceso aos servizos móbiles de telecomunicacións máis avanzados a través dunha rede de calidade 5G, e asegúrase dispor da capacidade necesaria para poder lles dar resposta a todas as novas necesidades de servizos de datos móbiles que xurdan no futuro.

O novo acordo terá a mesma duración que os que rixen para o servizo de Operador Móbil Virtual vixentes na actualidade con Orange (xuño de 2024).

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal